Esta realidade evidencia que, a día de hoxe, non existen condicións materiais para o traslado da actividade comercial ao edificio rehabilitado, perpetuándose unha situación que prexudica simultaneamente ás persoas comerciantes —que viven nunha incerteza permanente— e ao conxunto da cidadanía, privada tanto do uso pleno da Alameda como dun mercado municipal plenamente operativo.

Os enormes prexuízos económicos e sociais que esta a provocar a nefasta xestión municipal, as limitacións que supón a privación á cidadanía de espazos públicos, a paralización do necesario desenvolvemento dunha das zonas máis relevantes da cidade, exixe da inmediata e transparente intervención das Administracións Públicas para pór fin ao caos que se está a vivir na Praza de Abastos e a súa contorna, que se ben resulta evidente a responsabilidade desta situación, tamén resulta evidente que é a cidadanía e a cidade quen están a sufrir os prexuízos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:14:28
Nº Rexistro: 51938
Data envio: 26/02/2026 12:14:28.949

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

non de lei para debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento de Galiza insta a que, con carácter urxente e con plena transparencia e publicidade, active un proceso de diálogo e negociación con todas as administracións atinxidas —nomeadamente o Concello de Ourense e a Deputación Provincial—, así como coa Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos nº 1 de Ourense, ao obxecto de acordar:

1.- As actuacións necesarias para adecuar o edificio da Praza de Abastos ao seu uso comercial e social, establecendo os compromisos concretos de financiamento e os prazos de execución que garantan a súa efectiva posta en funcionamento.

2.- O procedemento para o traslado ordenado das comerciantes ás novas instalacións, coa correspondente recuperación da zona verde da Alameda para o uso e desfrute público.

3.- As intervencións precisas para mellorar a accesibilidade, acondicionar comercialmente o exterior do edificio e completar a urbanización da contorna, consonte ao proxecto orixinal, asumindo os compromisos orzamentarios necesarios e fixando un cronograma claro para o seu desenvolvemento".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:14:28
Nº Rexistro: 51938
Data envio: 26/02/2026 12:14:28.949

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/02/2026 12:12:00
Carmela González Iglesias na data 26/02/2026 12:12:07
Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2026 12:12:13
Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2026 12:12:26

CSV: BOPGDSPG-kUioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:14:28
Nº Rexistro: 51938
Data envio: 26/02/2026 12:14:28.949

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 12:14:29

CSV: BOPGDSPG-kUloyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:25:23
Nº Rexistro: 51943
Data envio: 26/02/2026 12:25:23.016

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Rubén Lorenzo Gómez, Carmen María Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela,** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

Sobre a mellora urxente da seguridade e do estado do firme
nas estradas N-550 e N-634 na provincia da Coruña

Exposición de Motivos

As estradas nacionais N 550 (A Coruña–Santiago–Pontevedra) e N 634 (A Coruña–Curtis–Teixeiro) constitúen dous dos eixes viarios fundamentais para a mobilidade interna da provincia da Coruña e para a conexión entre áreas urbanas, industriais e loxísticas de primeiro nivel. O seu papel é especialmente relevante para os desprazamentos diarios da cidadanía e tamén para o transporte pesado, o acceso a polígonos empresariais, a mobilidade laboral e a vertebración territorial entre comarcas.

Porén, nos últimos anos —e de maneira especialmente acusada durante este inverno, marcado por episodios de choivas intensas e persistentes— ambas as dúas estradas presentan un deterioro moi grave do firme, con fochancas, buratos profundos, fendas, afundimentos, parcheos de escasa duración e treitos nos que a circulación resulta perigosa mesmo a velocidades moderadas.

Na N 550, os concellos de Ordes, Oroso e Padrón teñen trasladado reiteradamente a situación de risco que sofren os usuarios, con zonas nas que os vehículos se ven obrigados a invadir o arcén ou mesmo o carril contrario para esquivar os cráteres existentes. A intensidade do tráfico —incluíndo milleiros de vehículos pesados cada día — agrava o deterioro e multiplica a perigosidade.

No caso da N 634, especialmente no treito comprendido entre Curtis e Teixeiro, o firme atópase nun estado tan deficiente que numerosos vehículos pesados se ven obrigados a abandonar a calzada para poder avanzar con seguridade.

Asinado o día 26/02/2026 ás 12:24
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:25:23
Nº Rexistro: 51943
Data envio: 26/02/2026 12:25:23.016

Dende os Concellos afectados denunciouse publicamente que levan anos reclamando unha actuación integral que nunca chega.

A esta situación súmase a existencia de accidentes graves nos últimos anos en distintos puntos destas vías, algúns con feridos de consideración, e incluso mortes o que evidencia que o deterioro do firme non é só un problema de confort, senón un risco real para a seguridade viaria.

A pesar das reiteradas demandas dos concellos afectados, dos usuarios e das institucións galegas, o Goberno de España —titular de ambas as estradas— continúa limitándose a actuacións puntuais e parcheos temporais que se degradan en cuestión de días, especialmente tras episodios de choiva.

A cidadanía da provincia da Coruña merece unhas infraestruturas seguras, modernas e acordes coa importancia económica e social destes eixes viarios. Resulta imprescindible que o Goberno de España acometa de maneira urxente unha renovación integral do firme nos treitos máis deteriorados e estableza un plan de actuación estable e suficiente para garantir a seguridade viaria nestas estradas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> "O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:
>
> > 1º- Aborde con carácter urxente a renovación integral do firme nos treitos máis deteriorados da N 550 e da N 634 na provincia da Coruña, substituíndo os parcheos temporais por actuacións estruturais e duradeiras.
> >
> > 2º- Poña en marcha un plan de investimento plurianual específico para estas dúas estradas, que garanta o seu mantemento axeitado, a mellora da seguridade viaria e a prevención do deterioro acelerado tras episodios de choiva intensa.
> >
> > 3º- Reforce a sinalización, iluminación e medidas de seguridade nos puntos de maior sinistralidade ou risco, especialmente nos treitos de curvas e nas zonas onde o firme presenta afundimentos ou buratos de gran profundidade.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:25:23
Nº Rexistro: 51943
Data envio: 26/02/2026 12:25:23.016

4º- Informe periodicamente aos concellos afectados e á Xunta de Galicia sobre o estado das obras, os prazos de execución e as actuacións previstas en ambas as vías.

5º- Priorice estas actuacións nos próximos Orzamentos Xerais do Estado, garantindo a dotación económica suficiente para a súa execución inmediata.”

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:25:23
Nº Rexistro: 51943
Data envio: 26/02/2026 12:25:23.016

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 26/02/2026 12:24:16

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:25:23
Nº Rexistro: 51943
Data envio: 26/02/2026 12:25:23.016

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 12:25:23

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:52:26
Nº Rexistro: 51947
Data envio: 26/02/2026 12:52:26.688

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 26/02/2
12:51
Por Ana Pontón Monc

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Saleta Chao Rivas** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa aos contratos de patrocinio da Axencia de Turismo de Galiza.

Asinado o día 26/02/2026 ás
12:51
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou un Plan director de patrocinios do Xacobeo 2027. O documento, feito público o 10 de febreiro, menciona criterios na asignación deses patrocinios mais non entra no detalle de que aspectos ou contidos compoñen eses criterios. Establece unha serie de xeneralidades mais é descoñecida a medida na que determinarán a concesión de axudas ou sinatura deses contratos de patrocinio.

O *Plan de acción de promoción de Turismo de Galiza 2025*, establece entre os seus obxectivos o de "diversificar a oferta turística, potenciando segmentos como o turismo enolóxico, cultural, gastronómico, rural e de natureza, xunto co Camiño de Santiago". A *Estratexia de Turismo de Galiza 2030* di na misión 3ª que se reforzará externamente "o concepto de Galiza como un territorio para vivir, traballar e investir, con capacidade de acollida e coa hospitalidade como sinal de identidade".

Asinado o día 26/02/2026 ás
12:51
Por Saleta Chao Rivas

Ao longo dos anos tense repetido a contratación de produtos de promoción turística a través do mecanismo do patrocinio que reforzan unha imaxe negativa e estereotipada do noso país, polo que resulta necesario que se coñezan en maior detalle os criterios de formalización deses patrocinios e que se desenvolvan arredor dunha proxección decidida da lingua e cultura galegas.

CSV: BOPGDSPG-kUoyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:52:26
Nº Rexistro: 51947
Data envio: 26/02/2026 12:52:26.688

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Dispoñer criterios para a contratación de actuacións de promoción do turismo no Plan director de patrocinios do Xacobeo 27 que poñan o foco nas potencialidades e na diversidade do noso país, e que eliminen da publicidade turística o uso de tópicos e estereotipos sobre o noso país e o pobo galego.

- Introducir nos criterios de contratación de patrocinios do ámbito artístico e cultural no Plan director de patrocinios do Xacobeo 27 unha porcentaxe mínima de grupos, bandas e actuacións con selo galego que teñan a lingua galega como idioma vehicular dos seus espectáculos.

- Establecer o uso preferente da lingua galega na contratación de produtos culturais de promoción turística no Plan director de patrocinios do Xacobeo 27, considerando a promoción do noso idioma como un elemento fundamental da experiencia turística de quen nos visita".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:52:26
Nº Rexistro: 51947
Data envio: 26/02/2026 12:52:26.688

Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 26/02/2026 12:51:11
Mercedes Queixas Zas na data 26/02/2026 12:51:17
Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2026 12:51:23

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 12:52:26
Nº Rexistro: 51947
Data envio: 26/02/2026 12:52:26.688

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 12:52:27

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:18:54
Nº Rexistro: 51954
Data envio: 26/02/2026 13:18:54.899

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para garantir a accesibilidade e mobilidade das persoas con dependencia e discapacidade.

Asinado o día 26/02/2026 ás 13:16
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2007 a Xunta de Galiza, da man do BNG no goberno, impulsou a creación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal-065, unha medida dirixida a garantir o desprazamento programado e non urxente das persoas con discapacidade e dependencia que cumprisen unha serie de requirimentos.

En 2014 a Xunta, da man do Partido Popular, derrogou o decreto de 2007 e publicou un novo que introduce importantes mudanzas especialmente dirixidas a endurecer as condicións para acceder ao servizo.

Desde a súa creación a cifra de persoas usuarias foi a seguinte, segundo se recolle na Memoria que publicaba anualmente até o ano 2021 a Consellaría de Política Social:

Asinado o día 26/02/2026 ás 13:16
Por Olalla Rodil Fernández

2008: 1.520

2009: 4.022

2010: 6.364

2011: 7.038

2012: 7.352

2013: 7.584

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:18:54
Nº Rexistro: 51954
Data envio: 26/02/2026 13:18:54.899

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2014: 8.363

2015: 7.437

2016: 7.535

2017: 7.489

2018: 6.159

2019: 5.787

2020: 5.709

2021: 5.370

Ao non dispormos de cifras actuais, pola non publicación de datos por parte da Xunta de Galiza desde 2021, cinguímonos á evolución entre 2008 e 2021. Neste senso, vemos como o último ano no do que temos rexistro o 065 tivo o menor número de persoas usuarias desde 2010 iniciándose a caída precisamente en 2014.

O 065 xurdiu como un servizo esencial para garantir a mobilidade das persoas dependentes e con discapacidade co obxectivo de promover a súa autonomía, o seu desenvolvemento persoal e a súa independencia. En síntese, para garantir os seus dereitos fundamentais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reforzar o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal co obxectivo de garantir que as persoas con dependencia e discapacidade que o precisen poidan facer uso del facilitando o seu acceso e ampliando o seu grao de cobertura.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:18:54
Nº Rexistro: 51954
Data envio: 26/02/2026 13:18:54.899

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/02/2026 13:16:30

Ariadna Fernández González na data 26/02/2026 13:16:53

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:18:54
Nº Rexistro: 51954
Data envio: 26/02/2026 13:18:54.899

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 13:18:55

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:31:39
Nº Rexistro: 51960
Data envio: 26/02/2026 13:31:39.091

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 26/02/2
13:30
Por Ana Pontón Monc

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Saleta Chao Rivas** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a política de patrocinios da Axencia Turismo Galiza.

Asinado o día 26/02/2026 ás
13:30
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de outubro publicouse na web de contratación da Xunta de Galiza un contrato por importe de 45.000€ co obxecto *Servizo de interpretación artística do videoclip do tema musical "Galicia tiene flow" interpretado polo grupo Cómplices*, un contrato negociado sen publicidade. A resolución da contratación indica que o 18 de setembro o órgano de contratación acordou o inicio do expediente de contratación e a correspondente retención de crédito por importe de 45.000€.

O día da publicación do anuncio, o 14 de outubro, medios de comunicación e persoas particulares expresaron a súa sorpresa e disconformidade con este patrocinio polo contido da letra. A canción, que está en lingua castelá, reproduce tópicos e estereotipos sobre Galiza, que non poden representar a imaxe que queremos dar do noso país para promover a actividade turística.

Asinado o día 26/02/2026 ás
13:30
Por Saleta Chao Rivas

O *Plan de acción de promoción de Turismo de Galiza 2025*, establece entre os seus obxectivos o de "diversificar a oferta turística, potenciando segmentos como o turismo enolóxico, cultural, gastronómico, rural e de natureza, xunto co Camiño de Santiago". A *Estratexia de Turismo de Galiza 2030* di na misión 3ª que se reforzará externamente "o concepto de Galiza como un territorio para vivir, traballar e investir, con capacidade de acollida e coa hospitalidade como sinal de identidade".

CSV: BOPGDSPG-kUoyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:31:39
Nº Rexistro: 51960
Data envio: 26/02/2026 13:31:39.091

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Este é un dos exemplos máis recentes dunha política de patrocinios que destina millóns de euros todos os anos a patrocinar eventos e produtos turísticos que contribúen a reforzar estereotipos sobre Galiza que dificilmente van contribuír a promover o "concepto de Galiza como un territorio para vivir, traballar e investir". É incomprensible que a Axencia Turismo de Galiza e, por extensión, a Xunta de Galiza, non establezan como un dos criterios da súa política de patrocinios o fomento da lingua e cultura galegas, xa que unha boa parte dos eventos que se patrocinan ano a ano, como os musicais, contan cunha presenza irrisoria de artistas que se desenvolvan na nosa lingua, e en moitas ocasións nin sequera se emprega a lingua propia do noso país na publicidade e difusión que se lle dá a eses produtos patrocinados con fondos públicos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Fixar criterios para a contratación a través da fórmula do patrocinio de actuacións de promoción do turismo que poñan o foco nas potencialidades e na diversidade do noso país, e que eliminen da publicidade turística o uso de tópicos e estereotipos sobre o noso país e o pobo galego.

- Establecer o uso preferente da lingua galega na contratación de patrocinios a produtos culturais de promoción turística, considerando a promoción do noso idioma como un elemento fundamental da experiencia turística de quen nos visita.

- Transparentar os criterios de asignación de fondos públicos e de distribución territorial na política de contratación de patrocinios da Axencia Turismo de Galiza".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-kUioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:31:39
Nº Rexistro: 51960
Data envio: 26/02/2026 13:31:39.091

Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 26/02/2026 13:30:21
Mercedes Queixas Zas na data 26/02/2026 13:30:27
Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2026 13:30:33

CSV: BOPGDSPG-kUloyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:31:39
Nº Rexistro: 51960
Data envio: 26/02/2026 13:31:39.091

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 13:31:40

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51966
Data envio: 26/02/2026 14:00:42.756

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 26/02/2
13:59
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e dos deputados **Saleta Chao Rivas, Oscar Insua Lema** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre os traballos de preparación do Xacobeo 27.

Asinado o día 26/02/2026 ás
13:59
Por Óscar Insua Lema

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de febreiro comparecía na Comisión 6ª o Director da Axencia Turismo de Galiza para dar conta do balance turístico de Galiza no ano 2025 e das propostas para 2026, por petición propia. Mais nesa comparecencia nada se falou das propostas de 2026 e moito menos dos traballos de preparación do Xacobeo 27.

Uns días antes desa xuntanza da comisión coñecemos a través de varios anuncios da Xunta de Galiza que se aprobara o decreto para a utilización da marca Xacobeo 27 e que se presentou o Plan director de patrocinios. Coñecemos tamén o anuncio da Xunta de convocar unha nova liña de axudas por importe de 3 millóns de euros para financiar actividades culturais, deportivas, turísticas ou de promoción arredor do Camiño de Santiago e do Xacobeo.

Asinado o día 26/02/2026 ás
13:59
Por Saleta Chao Rivas

Porén, seguimos sen coñecer que traballos vén desenvolvendo a Axencia Turismo de Galiza para preparar o Xacobeo 27, nomeadamente respecto da coordinación cos distintos municipios polos que pasan os Camiños de Santiago.

En 2018 aprobouse polo decreto 4/2018, do 11 de xaneiro, a creación da Comisión Organizadora do Xacobeo 2021. Unha comisión cuxa composición incluía varias persoas en representación da administración galega, como o Presidente da Xunta de Galiza, a

CSV: BOPGDSPG-kUoyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51966
Data envio: 26/02/2026 14:00:42.756

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

persoa titular da Consellería de Cultura, a Axencia Turismo de Galiza ou representantes doutras consellerías como Facenda, infraestruturas ou Política Social entre outras. Tamén contemplaba como vogais en representación doutras administracións e institucións a Delegación do Goberno en Galiza, o Arcebispado de Santiago de Compostela, o Concello de Santiago de Compostela ou a FEGAMP, en representación dos concellos polos que pasan os Camiños de Santiago.

Esa comisión tiña, entre outras funcións, a de fomentar e impulsar as actuacións das diferentes administracións públicas e servir como instrumento de coordinación nas actuacións dos departamentos da Administración galega e dos concellos galegos, ou a de definir as liñas estratéxicas para a aprobación do Plan estratéxico do Xacobeo 2021. No anterior Xacobeo de 2010 tamén se conformara unha comisión de coordinación participada entre Xunta de Galiza e Concello de Santiago de Compostela.

Ás portas do mes de marzo de 2026, a comisión organizadora do Xacobeo 2027 non se constituíu nin consta que se crease ningún órgano de coordinación entre as distintas institucións e entidades encargadas de planificar elementos básicos como a programación arredor desta importante cita para o noso país, ou de abordar os protocolos de seguridade precisos nun ano no que se prevé que despracen ao noso país milleiros de persoas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Crear nun prazo de 2 meses a comisión de coordinación do Xacobeo 27 con representación, cando menos, das mesmas administracións e entidades que configuraron a do Xacobeo 21.

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51966
Data envio: 26/02/2026 14:00:42.756

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Desenvolver un protocolo de colaboración coas distintas administracións e entidades que teñen relación co desenvolvemento do próximo Xacobeo 27 e co Camiño de Santiago.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-kJloyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51966
Data envio: 26/02/2026 14:00:42.756

Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 26/02/2026 13:59:21
Óscar Insua Lema na data 26/02/2026 13:59:29
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/02/2026 13:59:41
Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2026 13:59:47

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51966
Data envio: 26/02/2026 14:00:42.756

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 14:00:43

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:53:50
Nº Rexistro: 51975
Data envio: 26/02/2026 16:53:50.960

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

O pasado 23 de febreiro de 2026, o Pleno do Concello de Leiro debateu unha moción presentada polo Grupo Municipal Socialista para iniciar a cesión gratuíta do edificio do Centro de Saúde ao Servizo Galego de Saúde, con garantía de reversión ao Concello en caso de deixar de se destinar a uso sanitario público.

Tal e como se recolle na propia moción, o Concello de Leiro é titular do inmoble onde se presta un servizo que é competencia exclusiva da Xunta de Galicia, asumindo desde hai anos os custos de mantemento, conservación e funcionamento ordinario do edificio, malia tratarse dunha competencia autonómica.

Durante o debate plenario, o alcalde afirmou que a Xunta de Galicia transfire anualmente 10.578 euros ao Concello para o mantemento do Centro de Saúde e que incluso sobra diñeiro, argumento utilizado para xustificar o rexeitamento da cesión da titularidade ao Sergas.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos imprescindible contrastar estas afirmacións con información oficial da Xunta de Galicia, especialmente cando se está a empregar un argumento económico para manter a titularidade municipal dun servizo sanitario que é competencia autonómica.

Asinado o día 26/02/2026 ás 16:50 Por Silvia Longueira C
Asinado o día 26/02/2026 ás 16:50 Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 26/02/2026 ás 16:50 Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:53:50
Nº Rexistro: 51975
Data envio: 26/02/2026 16:53:50.960

PSG DE PSOE

Resulta necesario coñecer con exactitude cal é o importe real das transferencias, baixo que concepto se realizan, se cobren a totalidade dos custos reais e se existe vontade por parte da Xunta de asumir a titularidade no caso de solicitude formal.

Non se pode consolidar un modelo no que os concellos asuman cargas estruturais permanentes derivadas de competencias exclusivas da Administración autonómica, especialmente nun ámbito tan sensible como a atención primaria.

Por todo o anterior, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar oficialmente ao Parlamento sobre o financiamento real da Xunta de Galicia destinado ao mantemento do Centro de Saúde de Leiro.

2. Avaliar o custo efectivo anual do servizo e determinar se a achega autonómica cobre a totalidade das obrigas económicas.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:53:50
Nº Rexistro: 51975
Data envio: 26/02/2026 16:53:50.960

PSG DE PSOE

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:53:50
Nº Rexistro: 51975
Data envio: 26/02/2026 16:53:50.960

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/02/2026 16:50:26
Elena Espinosa Mangana na data 26/02/2026 16:50:36
Silvia Longueira Castro na data 26/02/2026 16:50:47
José Ramón Gómez Besteiro na data 26/02/2026 16:50:57

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:53:50
Nº Rexistro: 51975
Data envio: 26/02/2026 16:53:50.960

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 16:53:52

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:42:14
Nº Rexistro: 51996
Data envio: 26/02/2026 17:42:14.584

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 26/02/2
17:41
Por Ana Pontón Monc

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre as accións que debe tomar o Goberno galego en relación ao acondicionamento do alto dos cubos no concello de Tui.

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:41
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Castro de Cabeza de francos, tamén coñecido como Castro do Alto dos Cubos, é un dos castros máis extensos e coñecidos da contorna do Monte Aloia. Do mesmo, téñense referencias xa en épocas antigas e, máis recentemente, na obra de historiadores como Frei Prudencio Sandoval no XVII, ou na obra do insigne historiador tudense D. Francisco Avila y La Cueva, xa no século XIX .

Este castro, situado na Entidade Local Menor de Pazos de Reis, dentro do Parque Natural do Monte Aloia, elévase uns 270 metros sobre o nivel do mar, é un asentamento cunha cronoloxía que se estende dende o século III A.C. até o século II da nosa era, coincidindo co proceso de romanización. Aínda que a ocupación deste espazo podería atrasarse varios centos de anos atrás, como o evidencia a presencia no mesmo de petróglifos adscritos á Idade do Bronce.

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:41
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Este asentamento estruturase seguindo o modelo do urbanismo propio da cultura castrexa, contando cunha coroa ou acrópole e un antecastro, composto por dous socalcos. Conta, así mesmo con tres recintos defensivos, hoxe ocultos na súa maior

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:42:14
Nº Rexistro: 51996
Data envio: 26/02/2026 17:42:14.584

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parte. Posiblemente cara o norte e o noroeste podería estar localizada a porta de acceso e un posible foxo.

Dende o punto de vista arqueolóxico, o escavado é unha mínima parte, uns 190 m2 na zona da coroa dos case 10.000 m2 que completan a sua extensión

O castro figura no Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta de Galicia co código GA36055015 // RI.000043045 e está clasificado como ben inventariado/catalogado. Isto significa que é recoñecido oficialmente e protexido pola normativa de patrimonio.

Actualmente presenta unha serie de problemas e ameazas que condicionan a súa adecuada conservación e posta en valor como un potencial recurso turístico e etnográfico de gran importancia:

- **Problemas relacionados coa cuberta arbórea**: a maior parte do castro está ocupada por piñeiros, acacias, eucaliptos e outras especies arbóreas que coas súas raíces están deteriorando, polo efecto mecánico sobre as estruturas arquitectónicas, a conservación dun ben histórico de tanta importancia para o concello de Tui. Ademais, esta cuberta vexetal impide a calquera visitante do mesmo ter unha percepción adecuada da súa extensión e das estruturas que o compoñen. Estas consecuencias pódense agravar, notablemente, polo emprego de maquinaria pesada nas tarefas forestais.

- **Apertura de pistas forestais:** posiblemente na década dos anos oitenta, o castro sufriu unha das súas maiores desfeitas, ao abrirse unha pista forestal até a coroa que arrasou con parte das murallas, afectou aos socalcos do antecastro e á coroa do castro, ademais de destruír e descontextualizar numerosos materiais arqueolóxicos do subsolo.

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:42:14
Nº Rexistro: 51996
Data envio: 26/02/2026 17:42:14.584

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Outras afeccións ao longo do tempo foron o seu uso como canteira e o espolio dos seus restos por parte de particulares.

Tamén son importantes as eivas científicas que non permiten un coñecemento máis amplo e preciso deste xacemento. Até o momento, soamente houbo campañas puntuais e moi limitadas nos anos 30, 50 e, máis recentemente, no ano 1997, esta última foi levada a cabo pola Escola de Restauración Tudense. Con todo, estas campañas soamente achegaron un coñecemento moi fragmentado e limitado sobre este castro.

No entanto, un ben das características tan particulares como é este castro, coas implicacións etnográficas, históricas e arqueolóxicas que ten para o concello de Tui, mais tamén para o conxunto do país, fan preciso que o Goberno galego, nas súas competencias en materia de patrimonio,lidere a súa conservación, investigación e posta en valor.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento da Galiza insta o Goberno galego a realizar os estudos precisos e tomar as accións necesarias para garantir a correcta recuperación e posta en valor do castro do Alto dos Cubos no concello de Tui.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:42:14
Nº Rexistro: 51996
Data envio: 26/02/2026 17:42:14.584

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/02/2026 17:41:01
Mercedes Queixas Zas na data 26/02/2026 17:41:08
Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2026 17:41:19

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:42:14
Nº Rexistro: 51996
Data envio: 26/02/2026 17:42:14.584

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 17:42:15

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-kUloyXwHa-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-kJioyXwHa-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/